

# **AXUDAS ECONÓMICAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA COIDADORAS/ES DE PERSOAS CON DEPENDENCIA OU DISCAPACIDADE - BS614B**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE.- XUNTA DE GALICIA**

## **OBXECTO**

Axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do programa Respiro familiar, para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas coidadoras para o exercicio 2023.

## **DESTINATARIAS**

Persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

## **REQUISITOS**

Para que a persoa coidadora sexa beneficiaria da subvención é necesario que concorran os seguintes requisitos:

- a. Que ben a persoa coidadora solicitante da subvención ou ben a persoa ou persoas que atenda sexan residentes na C.A. de Galicia.
- b. Que a persoa a que se atende presente calquera das seguintes situacións:
  1. Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.
  2. Ter recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente; grao II ou III.
  3. Que a persoa a que se atende presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

Ademais, as persoas coidadoras, para seren beneficiarias da subvención, teñen que cumprir os requisitos establecidos no [artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia](#)

## MODALIDADES

1. **Respiro no fogar**, para financiar a atención puntual, integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade.
2. **Modalidade de respiro en centro de día**, para financiar os gastos da atención puntual, integral e directa en centros de día da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. **Respiro en residencia**, para financiar estadias temporais en centros residenciais da CA de Galicia.

Serán subvencionables os gastos xerados no ano 2023 dos servizos constituídos polas actuacións que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2023

## CONTÍA DA AXUDA

MODALIDADE	CONTÍA
Respiro no fogar	Ata o 100%, máximo 1.000 €
Respiro en centro de día	Ata o 100%, máximo 1.000 €
Respiro en residencia	Ata o 100%, máximo 1.500 €

## PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Ata o 30 de outubro de 2023.**

## MÁIS INFORMACIÓN

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 981504000, extensión 1

[DOG 74 do 18/4/2023 - ORDE do 3 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 \(código de procedemento BS614B\). \(xunta.gal\)](#)